

**Disposición derradeira quinta. Entrada en vigor.**

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei

Madrid, 29 de novembro de 2006.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**20846** REAL DECRETO 1332/2006, do 21 de novembro, polo que se regulan as especificacións e condicións para o emprego do Documento Único Electrónico (DUE) para a constitución e posta en marcha de sociedades de responsabilidade limitada mediante o sistema de tramitación telemática. («BOE» 286, do 30-11-2006.)

A experiencia adquirida na xestión do sistema de tramitación telemática da sociedade limitada nova empresa permite ampliar este sistema de constitución telemática a outras formas societarias distintas.

Esta posibilidade xa aparece prevista na disposición adicional oitava da Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada, introducida pola Lei 7/2003, do 1 de abril, da sociedade limitada nova empresa, que prevé que regulamentariamente se establezan as especificacións e condicións para o emprego do Documento Único Electrónico (DUE) para a constitución de calquera forma societaria.

A principal especialidade da regulación que contén este real decreto fundaméntase na diferente regulación da denominación da sociedade, pois non existen para esta forma societaria os límites que establece o artigo 131 da Lei 2/1995, do 23 de marzo, e, conseguintemente, é posible que os socios opten por unha denominación subxectiva ou razón social, ou por unha denominación obxectiva. Esta denominación social poderase obter polos medios legalmente establecidos.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Xustiza e de Industria, Turismo e Comercio, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación de Consello de Ministros na súa reunión do día 17 de novembro de 2006,

DISPONGO:

### CAPÍTULO I

#### Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación da disposición.*

1. Constitúe o obxecto deste real decreto a regulación das especificacións e condicións para o emprego do DUE, para os efectos da constitución e posta en marcha de sociedades de responsabilidade limitada.

2. As disposicións contidas neste real decreto non alteran as normas relativas á tramitación administrativa

non telemática para a constitución e posta en marcha das sociedades a que se fai referencia no punto anterior.

3. O disposto nos puntos anteriores entenderase sen prexuízo do emprego e aplicación das técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos que en materia de sinatura e envío de documentos puidesen establecer as diferentes administracións públicas e os organismos públicos e entidades vinculadas ou dependentes delas.

Artigo 2. *Obtención da reserva de denominación.*

Os que desexen constituír unha sociedade de responsabilidade limitada deberán previamente obter unha certificación negativa de denominación conforme o establecido no Regulamento do Rexistro Mercantil. A devandita certificación tamén se poderá obter nos termos previstos no artigo 140.4 da Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada. Así mesmo, deberá presentar a devandita certificación, dentro do período de vixencia da correspondente reserva temporal de denominación, ante o Punto de Asesoramento e Inicio de Tramitación (PAIT) e ante o notario autorizante da escritura de constitución.

### CAPÍTULO II

#### Documento Único Electrónico (DUE)

Artigo 3. *Natureza e contido do DUE.*

1. O DUE é un instrumento de natureza telemática regulado no Real decreto 682/2003, do 7 de xuño, polo que se regula o sistema de tramitación telemática a que se refire o artigo 134 e a disposición adicional oitava da Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada, no cal se poderán incluír todos os datos referentes á sociedade de responsabilidade limitada que, de acordo coa lexislación aplicable, se lles deben remitir aos rexistros xurídicos e ás administracións públicas competentes para a constitución da sociedade e para o cumprimento das obrigas en materia tributaria e de seguraza social inherentes ao inicio da súa actividade sempre e cando estes se remitan por medios telemáticos.

2. O DUE conterá dous tipos de datos:

a) Datos básicos, que se deberán cumprir no momento en que se dá inicio á tramitación e que serán, para a sociedade de responsabilidade limitada, os establecidos no anexo I do Real decreto 682/2003, do 7 de xuño, polo que se regula o sistema de tramitación telemática a que se refire o artigo 134 e a disposición adicional oitava da Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada, coas especialidades establecidas no artigo 5 deste real decreto, así como todos aqueles que resulten necesarios para cumprir os trámites para levar a cabo a realización do DUE segundo a lexislación vixente en cada momento.

b) Datos que deberán incorporar en cada fase da tramitación o notario autorizante da escritura pública de constitución da sociedade de responsabilidade limitada, os encargados dos rexistros xurídicos e as administracións públicas competentes para a constitución da sociedade e para o cumprimento das obrigas en materia tributaria e de seguridade social inherentes ao inicio da súa actividade. Estes datos serán os establecidos no anexo II do Real decreto 682/2003, do 7 de xuño, salvo no referente á denominación social, que será a que fose obxecto da reserva temporal de denominación, segundo o artigo 412 do Regulamento do Rexistro Mercantil, e salvo no referente á presentación de declaración de alta no imposto sobre actividades económicas.

**Artigo 4. Trámites que poden ser realizados co Documento Único Electrónico (DUE).**

1. O DUE permite a realización telemática dos trámites a que se refiren as alíneas b) a i) e k) do artigo 5.1 do Real decreto 682/2003, do 7 de xuño, referidos á sociedade de responsabilidade limitada.

2. Por orde do ministro de Industria, Turismo e Comercio poderase establecer a realización telemática, mediante o DUE, doutros trámites que complementen ou substitúan os mencionados no punto anterior.

**Artigo 5. Tramitación do Documento Único Electrónico (DUE).**

1. Unha vez consignados no DUE os datos básicos, que serán os mesmos que para a sociedade limitada nova empresa establece o anexo I do Real decreto 682/2003, do 7 de xuño, coas especialidades que se establecen a continuación, o sistema de tramitación telemática (STT) asignaralle o número CIRCE correspondente, identificando así de xeito único e inequívoco ao DUE, e procedéndose a continuación á realización dos trámites establecidos nas alíneas b) a i) e k) a ñ) do artigo 6 do Real decreto 682/2003, do 7 de xuño.

2. En relación cos trámites a que se refire o punto anterior, realizaranse coas seguintes especialidades respecto ao artigo 6 e anexo I do Real decreto 682/2003, do 7 de xuño:

a) Polo que se refire á incorporación dos datos relativos á denominación social da empresa, farase constar a denominación social reservada conforme o establecido nos artigos 410 e 412 do Regulamento do Rexistro Mercantil. No caso de obter telematicamente a certificación da denominación social, a través do procedemento previsto no artigo 140.4 da Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada, modificado pola Lei 24/2005, do 18 de novembro, de reformas para o impulso da produtividade, o notario que obtivo a dita certificación remitirá esta telematicamente e coa súa sinatura electrónica ao PAIT ante o que o interesado deba iniciar os trámites de constitución da sociedade.

b) En canto aos datos relativos á forma xurídica da sociedade, farase constar a de sociedade de responsabilidade limitada.

**Artigo 6. Comunicación de modificacións polas administracións públicas.**

1. Para a correcta realización da tramitación telemática do DUE a que se refire este real decreto, as administracións públicas competentes deberanlle facilitar ao administrador do STT, polo procedemento automatizado establecido no propio sistema, as modificacións que se puidesen producir con relación a novos datos que se tivesen que consignar, así como calquera modificación nas táboas de codificación dos datos xa contidos no DUE.

2. Recibidas as modificacións a que se fai referencia no punto anterior, o administrador do STT incluíraos de forma automática no sistema.

**Artigo 7. Protección de datos persoais.**

1. Os PAIT unicamente poderán solicitar datos persoais directamente dos seus titulares ou após consentimento explícito destes, e só na medida necesaria para a realización dos trámites recollidos neste real decreto.

2. O tratamento dos datos persoais que se precisen para a tramitación telemática establecida neste real decreto estará sometido á Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 682/2003, do 7 de xuño, polo que se regula o sistema de tramitación telemática a que se refire o artigo 134, e a disposición adicional oitava da Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada.*

O Real decreto 682/2003, do 7 de xuño, polo que se regula o sistema de tramitación telemática a que se refire o artigo 134, e a disposición adicional oitava da Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada, queda modificado nos seguintes termos:

Un. Engádesse unha nova alínea k) ao artigo 5.1 coa seguinte redacción:

«k) Rexistro de nome de dominio. es».

Dos. Engádesse unha nova alínea b bis) ao artigo 6 coa seguinte redacción:

«b bis) Rexistro de nome de dominio “es”.» O STT remitiralle á entidade pública empresarial Red.es, autoridade de asignación dos nomes de dominio “es”, os seguintes datos recollidos no DUE:

1. Nome ou nomes de dominio baixo “es” solicitados.

2. Datos identificativos do titular do nome de dominio ou dos nomes de dominio que se solicitan.

3. Datos identificativos da persoa de contacto administrativo.

4. De ser o caso, marca ou marcas rexistradas e número ou números de inscrición na Oficina Española de Patentes e Marcas/Oficina de Harmonización do Mercado Interior, que correspondan co nome ou nomes de dominio solicitados.

5. Datos identificativos da persoa de contacto técnico.

6. Datos identificativos da persoa de contacto de facturación.

7. De ser o caso, datos técnicos dos servidores DNS (Domain Name System).

Como resultado deste trámite, a autoridade de asignación fará constar no DUE a asignación do nome ou nomes de dominio solicitados.»

Tres. Engádesse unha nova alínea s) ao anexo I coa seguinte redacción:

«s) Datos relativos ao nome de dominio “es” solicitado:

1. Nome ou nomes de dominio baixo “es” solicitados.

2. Datos identificativos do titular do nome de dominio ou dos nomes de dominio que se solicitan.

3. Datos identificativos da persoa de contacto administrativo.

4. De ser o caso, marca ou marcas rexistradas e número ou números de inscrición na Oficina Española de Patentes e Marcas/Oficina de Harmonización do Mercado Interior, que correspondan co nome ou nomes de dominio solicitados.

5. Datos identificativos da persoa de contacto técnico.

6. Datos identificativos da persoa de contacto de facturación.

7. De ser o caso, datos técnicos dos servidores DNS (Domain Name System).»

Catro. Engádesse unha nova alínea g) ao anexo II coa seguinte redacción:

«g) Datos relativos ao nome de dominio “es” asignado que deberán ser incorporados pola autoridade de asignación: asignación do nome ou dos nomes de dominio solicitados.»

**Disposición derradeira segunda. *Supletoriedade.***

No non previsto neste real decreto aplicárase, con carácter supletorio, o Real decreto 682/2003, do 7 de xuño, polo que se regula o sistema de tramitación telemática a que se refire o artigo 134 e a disposición adicional oitava da Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada.

**Disposición derradeira terceira. *Título competencial.***

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia que sobre lexislación mercantil lle atribúe ao Estado o artigo 149.1.6.<sup>a</sup> da Constitución.

**Disposición derradeira cuarta. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.***

Os ministros de Xustiza e de Industria, Turismo e Comercio ditarán, no ámbito das súas competencias, cantas disposicións resulten necesarias para a aplicación do disposto neste real decreto, e en especial para determinar as condicións que debe reunir o documento único electrónico (DUE) co fin de que sexa interoperable entre as administracións públicas.

**Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.***

Este real decreto entrará en vigor aos tres meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 21 de novembro de 2006.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno  
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

**20847** *REAL DECRETO 1333/2006, do 21 de novembro, polo que se regula o destino dos espécimes comisados das especies ameazadas de fauna e flora silvestres protexidas mediante o control do seu comercio. («BOE» 286, do 30-11-2006.)*

O Convenio sobre o Comercio Internacional de Especies Ameazadas de Fauna e Flora Silvestres (en diante, Convenio CITES) asinado en Washington o 3 de marzo de 1973 e ao cal España se adheriu por Instrumento do 16 de maio de 1986 co fin de salvagardar o cumprimento das súas disposicións e sancionar a súa violación, autoriza os Estados que o subscribiron a prohibir o comercio de espécimes CITES, sancionar o comercio e a súa posesión, así como permite a confiscación ou devolución ao Estado de exportación dos devanditos espécimes.

A disposición, por parte das autoridades competentes, dos espécimes comercializados de forma ilícita, confiscados ou comisados, deberase levar a cabo segundo as recomendacións contidas na Resolución 9.10 sobre «Disposición de espécimes comercializados de forma ilícita, confiscados ou acumulados» adoptada na Novena Reunión da Conferencia das Partes, que tivo lugar en Fort Lauderdale (Estados Unidos de América) do 7 ao 18 de novembro de 1994 e na Resolución 10.7 «Disposición de espécimes vivos confiscados de especies incluídas nos apéndice» da Décima Reunión da Conferencia das Partes que tivo lugar en Harare (Zimbabwe) do 9 ao 20 de xuño de 1997, respectivamente.

En particular, a Resolución da Conferencia das Partes 10.7 declara que a decisión que se adopte sobre animais

vivos confiscados se orientará á consecución dos seguintes obxectivos: 1) potenciar ao máximo a contribución á conservación dos espécimes sen risco para a súa saúde, 2) desalentar o comercio ilícito ou irregular da especie, 3) atopar solucións axeitadas, xa sexa manténdoo en catividade, reintegrándoo no medio silvestre ou sacrificándoo mediante eutanasia.

Conforme o artigo VIII, punto 4, do Convenio CITES, cando se confisque un espécime vivo, este seralle confiado a unha autoridade administrativa do Estado confiscador, a cal, despois de consultar co Estado de exportación, lle devolverá o espécime a ese Estado á custa do mesmo, ou a un centro de rescate ou outro lugar que a mesma autoridade considere apropiado e compatible cos obxectivos da Convención. A autoridade administrativa poderá solicitar o asesoramento dunha autoridade científica ou consultar coa Secretaría CITES co fin de adoptar a decisión oportuna.

De acordo co previsto no artigo IX do Convenio CITES e o artigo 13 do Regulamento (CE) n.º 338/1997, do Consello, do 9 de decembro de 1996, relativo á protección de especies da fauna e flora silvestres mediante o control do seu comercio [en diante, Regulamento (CE) n.º 338/97, do Consello, do 9 de decembro de 1996,], a Secretaría Xeral de Comercio Exterior, integrada no Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e o Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria, foron designados Autoridade Administrativa CITES.

Así mesmo, a Secretaría Xeral de Comercio Exterior, en virtude do disposto no Real decreto 1739/1997, do 20 de novembro, sobre medidas de aplicación do Convenio sobre o comercio internacional de especies ameazadas de fauna e flora silvestres (CITES), feito en Washington o 3 de marzo de 1973, e do Regulamento (CE) n.º 338/97 do Consello, do 9 de decembro de 1996, relativo á protección de especies da fauna e flora silvestres mediante o control do seu comercio (en diante Real decreto 1739/1997, do 20 de novembro) ten o carácter de órgano de xestión principal na aplicación do dito regulamento e na comunicación coa Comisión Europea. O Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais ten o carácter de órgano de xestión adicional.

No citado real decreto designase autoridade científica a Dirección Xeral de Conservación da Natureza, na actualidade, Dirección Xeral para a Biodiversidade do Ministerio de Medio Ambiente.

Por outro lado, de acordo coa Lei orgánica 12/1995, do 12 de decembro, de represión do contrabando, toda pena ou sanción imposta por un delito ou infracción administrativa de contrabando levará consigo o comiso dos bens obxecto do delito ou infracción e, no caso de que estes bens fosen definitivamente comisados por sentenza, adxudicaránselle ao Estado (artigo 5.3).

Para tal efecto, o Real decreto 1649/1998, do 24 de xullo, polo que se desenvolve o título II da Lei orgánica 12/1995, do 12 de decembro, de represión do contrabando, relativo ás infraccións administrativas de contrabando (en diante Real decreto 1649/1998, do 24 de xullo) establece que os espécimes CITES comisados seranlle confiados á autoridade competente designada en España, que procederá segundo o previsto no Regulamento (CE) n.º 338/1997. O comiso destes espécimes e das súas partes ou produtos notificaráselle ao Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

En atención a todo o exposto, considerando que é necesario desenvolver as previsións sobre o comiso de espécimes CITES en canto ao seu destino establecidas no Regulamento (CE) n.º 338/1997, do Consello, do 9 de decembro de 1996, de acordo co disposto nos reais decretos 1739/1997, do 20 de novembro, e 1649/1998, do 24 de xullo, por proposta dos ministros de Industria, Turismo e